



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Publicación de corrección erros, a primeira, nas Bases da convocatoria e do proceso de selección (artigo 205 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia)

ANUNCIO

Expte núm.: 2022/E001/000025

Praza/s: Estabilización Lei 20/21 (OEP extraordinaria 2022)

Plan/Programa/Orde/Convenio: Lei 20/21, do 28 de decembro

Núm. prazas: 36

Decreto da alcaldesa de aprobación Bases: núm. 1770/2022 do 27/12/2022

Boletín Oficial da Provincia aprobación Bases: BOP núm. 247 do 30/12/2022

Decreto da alcaldesa da corrección Bases (1): núm. 15/2023 do 05/01/2023

Asunto: publicación corrección erros nas Bases da convocatoria e do proceso de selección (artigo 205 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia)

Recursos: contra estas Bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a alcaldesa deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Corrección erros nas Bases

“... E de ver que foron detectados uns erros na denominación das prazas ou nas características que cómpre rectificar:

1) **Na Base 2. Ámbito de aplicación.** No apartado a), por sistema de concurso, acceso libre, DA 6 e 8ª da Lei 20/201:

Praza de Mestre/a -LFH: A corrección afecta á denominación da praza e á titulación esixida.

Redacción

Nova redacción

Mestre/a -LFH- (Normalizadora lingüística, impartición ESA)		Mestre/a -LFH-	Motivación: Denominación da praza (OEP 2022 aprobada). A denominación orixinaria da praza contempla as funcións da preparación da documentación administrativa, das actividades do curso, así como da impartición das clases de lingua hispánica na ESA.
--	--	----------------	--

Redacción	Nova redacción
<p>Mestre/a -LFH-</p> <p>Titulación/s ou equivalente: Ter algunha destas titulacións ou equivalentes: - Licenciatura en Filoloxía Galego - Portuguesa - Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués) - Grao en Lingua Galega - En calquera outra licenciatura ou grao da área de Humanidades ou Ciencias Xurídicas sempre que dispoña do Celga 5.</p> <p>Requisito imprescindible: Certificado negativo de delitos de natureza sexual</p>	<p>Mestre/a -LFH--</p> <p>Titulación/s ou equivalente: Licenciado/a en Filoloxía Hispánica ou equivalente</p> <p>Requisito imprescindible: Certificado negativo de delitos de natureza sexual</p>

Esta corrección afecta tamén ao apartado II das Bases específicas na denominación da praza e a titulación esixida para a mesma.

Praza de Mestre/a: A corrección afecta á titulación esixida.

Redacción	Nova redacción
<p>Mestre/a Inglés</p> <p>Titulación/s ou equivalente:</p> <p>Ter algunha destas titulacións ou equivalentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Título de Mestre - especialidade de Lingua Estranxeira (Inglés) - Título de Profesor de Educación Xeral Básica especialidade: Filoloxía inglesa - Graduado en Educación Primaria, mención Linguas Estranxeiras (Inglés) e a acreditación de, polo menos, un nivel B2 do Marco común de referencia para as linguas (Inglés), segundo especificase no Real Decreto 1594/2011, do 4 de novembro - Calquera Título de mestre ou de Profesor de Educación Xeral Básica e superar os estudos conducentes á obtención do certificado de aptitude do idioma (Inglés), expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou superar os estudos conducentes á obtención da Filoloxía do idioma correspondente <p>A titulación de lingua estranxeira achegada para acreditar a especialidade de Inglés deberá indicar expresamente o idioma correspondente. En caso contrario, será necesario presentar certificación académica persoal ou certificado da Secretaría do centro onde fosen cursados os estudos que indique expresamente o idioma da especialidade á que opta.</p> <p>Requisito imprescindible: Certificado negativo de delitos de natureza sexual</p>	<p>Mestre/a Inglés</p> <p>Titulación/s ou equivalente:</p> <p>Ter algunha destas titulacións ou equivalentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Título de Mestre - especialidade de Lingua Estranxeira (Inglés) - Título de Profesor de Educación Xeral Básica especialidade: Filoloxía inglesa - Graduado en Educación Primaria, mención Linguas Estranxeiras (Inglés) e a acreditación de, polo menos, un nivel B2 do Marco común de referencia para as linguas (Inglés), segundo especificase no Real Decreto 1594/2011, do 4 de novembro - Calquera Título de mestre ou de Profesor de Educación Xeral Básica e superar os estudos conducentes á obtención do certificado de aptitude do idioma (Inglés), expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou superar os estudos conducentes á obtención da Filoloxía do idioma correspondente. - Diplomado/a en profesorado de EXB na especialidade de Lingua Española e idiomas modernos <p>A titulación de lingua estranxeira achegada para acreditar a especialidade de Inglés deberá indicar expresamente o idioma correspondente. En caso contrario, será necesario presentar certificación académica persoal ou certificado da Secretaría do centro onde fosen cursados os estudos que indique expresamente o idioma da especialidade á que opta.</p> <p>Requisito imprescindible: Certificado negativo de delitos de natureza sexual</p>

Esta corrección afecta tamén ao apartado II das Bases específicas na titulación esixida para esta praza.

2) **Na Base 13**, achega de documentación por parte das persoas opositoras propostas para o nomeamento.

Redacción	Nova redacción
https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/	(https://sede.santacomba.es/sxc/es/informacion/

3) No **modelo de autobarefacción**. Concurso-oposición (artigo 2.1 da Lei 20/2021):

Redacción		Nova redacción	
Méritos alegados por experiencia profesional Experiencia profesional	máximo 90 puntos	Méritos alegados por experiencia profesional Experiencia profesional	máximo 36 puntos
Puntuación. Apartado 1	máximo 90 puntos	Puntuación. Apartado 1	máximo 36 puntos
Méritos alegados por formación Experiencia profesional	máximo 10 puntos	Méritos alegados por formación Experiencia profesional	máximo 4 puntos
Puntuación. Apartado 2	máximo 10 puntos	Puntuación. Apartado 2	máximo 4 puntos

4) Nas **Bases específicas** do proceso de selección por sistema de concurso-oposición.

Suprímense os temas que se indican por considerar que a extensión e a profundidade deste tema non se adecúa aos niveis de titulación esixidos nin á especialidade profesional da praza que se convoca, así como cumprir co estipulado nos criterios consensuados entre a Fegamp e os sindicatos CC.OO, CIG e UGT de reducir, como mínimo n un 50 % o número de temas en relación dos dun proceso ordinario.

TEMARIO. PROGRAMA DE MATERIAS

Axuda a domicilio

Materias comúns

Suprímese o Tema 6.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade e dereito

O temario, programa de materias, materias comúns constará de cinco temas.

TEMARIO. PROGRAMA DE MATERIAS

Socorristas

Materias comúns

Suprímese o Tema 9.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade e dereito

Materias específicas

Suprímese o Tema 9. Praias e augas oceánicas e continentais

O temario, programa de materias, materias comúns constará de oito temas.

O temario, programa de materias, materias específicas constará de oito temas.

Santa Comba, 17 de febreiro de 2023

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

(Documento que se asina electronicamente)

2023/1192